



ACONTECEMENTOS DO ANO

A redacción do *Anuario Brigantino* agradece a colaboración especial para este apartado dos corresponsais locais de *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *La Opinión*, *El Correo Gallego*, *Betanzos e a súa Comarca*, *El Metropolitano* e *Mariñán*.

5 de xaneiro de 2013

Celebrouse a tradicional Cabalgata dos Reis Magos de Oriente polas rúas da cidade. A organización correu a cargo do Concello.

11 de xaneiro de 2013

Dentro do Programa de actos do Nadal celebrouse na Aula Municipal de Cultura un concerto a cargo do grupo musical Camerata Brigantina.

12 de xaneiro de 2013

Dentro do Programa de Nadal e organizado pola Asociación Cultural Santo Domingo As Garelas de Betanzos celebrouse na Aula Municipal de Cultura un Festival Folclórico coa actuación da Asociación Cultural e Folklórica Os Brigantinos, Cantareiros Maghúa, Agrupación Folklórico-cultural San Xoán de Ouces, Axóuxeres de Lubre e a entidade organizadora.

13 de xaneiro de 2013

Na Aula de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral a cargo do grupo Garella Teatro, que representaron a obra «Medievalia» da autoría de Manuel Lourenzo.

15 de xaneiro de 2013

Faleceu neste día en Madrid D^a María Isabel Pita Lisarrague, colaboradora das institucións culturais de Betanzos.

Xaneiro de 2013

Comezou neste mes o programa de visitas guiadas por Betanzos, organizado pola concellería de turismo, con varias rutas, entre as que se inclúen: «Ruta urbana: oficios e tradicións», «Ruta dos Irmáns García Naveira», «Ruta do casco histórico» e «Ruta do modernismo».

18-30 de xaneiro de 2013

Na Sala de Exposicións do edificio Liceo puido contemplarse a exposición de fotografías «Memorias da Magdalena», organizada pola Asociación de Veciños Magdalena e Condomiña.



21 de xaneiro de 2013

No edificio Liceo tiveron lugar as Xornadas de «Cooperativismo e Emprendemento», organizadas pola Oficina de Fomento Cooperativo do Consorcio As Mariñas. Foron inauguradas polo director xeral de Traballo, D. Odilo Martiñá, o presidente do Consorcio As Mariñas, D. José Antonio Santiso e o alcalde de Betanzos, D. Ramón García.

26 de xaneiro de 2013

Na Aula de Cultura do edificio Liceo tivo lugar un espectáculo de zarzuela por conta da Coral Polifónica Santa María de Cambre.

1 de febreiro de 2013

Na Aula de Cultura do edificio Liceo, organizado pola da Asociación de Veciños Rosalía de Castro, celebrouse o concerto «Vive o acordeón» por conta dos alumnos e da profesora acordeonista Sabela Caamaño.

Febreiro de 2013

Nos fins de semana deste mes desenrolouse na Aula Municipal de Cultura o IV Encontro de Teatro Aficionado de Betanzos organizado pola Agrupación Teatral Mariñán e o Concello de Betanzos,



que contou coas representacións seguintes: «A Ratoeira» pola compañía O Aturuxo de Melpómene de Narón; «O rapto da bibliotecaria» pola compañía Escola Municipal de Teatro de Vigo ; «A Rúa do Inferno» pola compañía Axóuxere Teatro de Oleiros; «Apocacripse» pola compañía Farandoleiras Cabaret de Oleiros; «O Día da Muller Embarazada» pola compañía Grupo de Teatro Teruca Bouza de Mugardos.

2-13 de febreiro de 2013

Desenvolveuse ó longo destes días o programa de festexos do Antroido elaborado polo concello, con bailes, festas infantís, rematando co Enterro da Sardiña. Este ano como novidade celebrouse un concurso de doces e sobremesas do Antroido.

2-17 de febreiro de 2013

Na sala de exposicións do edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada «Un arte humanista», da artista de Muros, Mar Sande.

19 de febreiro-5 de marzo de 2013

Na sala de exposicións do edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada «Ciudad de cristal y otros», do artista coruñés, Emilio Soto Bouzas.

24 de febreiro de 2013

Na aula municipal de cultura do edificio Liceo tivo lugar un recital poético musicado e visual con motivo do aniversario do nacemento de Rosalía de Castro. Foi organizado polo Concello e contou coa participación de Eva Veiga, Lino Braxe, Olga Patiño e Francisco Fernández Naval, coa música de César Morán e Xosé Taboada, e co poema visual de Maribel Longueira.



25 de febreiro de 2013

Alumnos do ciclo de automoción do IES «As Mariñas» de Betanzos, Miguel Pérez Puriños e Antonio López Lence acadaron dúas medallas de prata no Spain Skills 2013, un campionato de estudantes de Formación Profesional de toda España.

7 de marzo-6 de abril de 2013

Celebrouse no edificio Liceo o II Ciclo de Conferencias do Anuario Brigantino, coordinado por Alfredo Erias. A primeira foi a titulada «Betanzos: la agonía de una capital del Antiguo Régimen» impartida por Manuel M.^a de Artaza Montero. A segunda, «Arqueoloxía do Noroeste da provincia da Coruña» impartida por Alberto López Fernández. A terceira, «Romerías na comarca das Mariñas», impartida por Xosé María Veiga Ferreira. Rematouse o ciclo co eurodiputado brigantino, Antolín Sánchez Presedo sobre «Pasado, presente y futuro de Europa». As conferencias foron gravadas e subidas a internet.



Veiga





Arume

9 de marzo de 2013

No edificio Liceo tivo lugar a IX Xuntanza de Labores Artesanais organizada polo Concello de Betanzos e as Mulleres da Condesa, na que participaron arredor de catrocentas artesanas de diferentes colectivos.

9-10 de marzo de 2013

Celebrouse na praza do Campo a IX edición de Mercabetzanos, na que colaboraron coa asociación de comerciantes a Xunta de Galicia, Deputación da Coruña e concello de Betanzos.



Arume

10 de marzo de 2013

Tivo lugar no edificio Liceo a entrega do V Premio Úrsula Meléndez de Texeda, organizado polo Concello de Betanzos, en recoñecemento da labor desenrolada en favor da igualdade entre homes e mulleres. Este ano fôilles concedido a Dona María Luisa Couceiro e a Dona Amalia Leis, farmacéuticas da nosa cidade.



dianodcarousa

11 de marzo de 2013

Faleceu este día na cidade da Coruña D. Manuel Lousa Rodríguez, betanceiro e autor dos libros: *Isidoro Brocos Gómez: sus vidas, su familia, su obra*; *Torres-Fortaleza de Pumares: Pazo de Pumares: su historia, recuperacion de su entorno y dependencias auxiliares, museo-archivos*; e *Betanzos: Apuntes históricos de esta ciudad, que en un manuscrito envio al ayuntamiento el licenciado en leyes D. Ramon Antonio Garcia en 1880*.

17 de marzo de 2013

Tono Campos, do Clube de piragüismo Ría de Betanzos, acadou unha medalla de ouro na distancia de cinco mil metros no Campionato de España de fondo, celebrado en Sevilla.



Marzo de 2013

O alcalde, D. Ramón García e a concelleira de Servizos Sociais, María Barral, entregáronlles placas conmemorativas con motivo do seu centenario ós veciños: Antonio Rosende Rilo, de Xanrozo; Jesusa Bermúdez Suárez, da rúa Rosalía de Castro; e José María Pedro Ponte Ares, veciño da rúa Pérez Salas, quen non o puido recibilo.



Arume

17 de marzo de 2013

Xulio Cuns Lousa foi nomeado Fillo Predilecto do Concello de Betanzos nun acto celebrado no Salón de Plenos da Casa Consistorial. O acto complementouse co descubrimento dunha placa na Aula de Cultura, pasando a denominarse a «Sala Xulio Cuns». Pechou o homenaxe a Banda Municipal.

22-31 de marzo de 2013

Ó longo destes días desenroláronse os actos de Semana Santa, organizados pola Confraría de Semana Santa de Betanzos, que deron comezo coa lectura do pregón a cargo de Engracia Vidal. Este ano participaron arredor de 200 persoas nos diversos actos.



2-14 de abril de 2013

Ó longo destes días puido contemplarse no edificio Liceo a exposición de escultura e gravado, «Un Mar de Tierra y Papel», dos artistas betanceiros Ysabel Rumbo e José Valentín.

2 de abril de 2013

No Museo do Pobo Galego en Santiago, o conselleiro de Economía e Facenda, D. Francisco Conde entregou a D^a María Sánchez un premio de recoñecemento para a Farmacia Couceiro de Betanzos, como o comercio



eidealgallego



Arume

máis lonxevo de Galicia. O 19 deste mes, unha representación do Concello de Betanzos agasalou a Farmacia Couceiro e a familia que a rixe.

7 de abril de 2013

Na Sala Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Top manta», interpretada pola compañía Fulano Mengano e Citano, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

13 de abril de 2013

Organizado pola asociación cultural Roxin Roxal, celebrouse un concerto do cantautor Rogelio Botanz no edificio liceo.



Arume

13 de abril de 2013

Na sala Xulio Cuns presentouse o libro *Bicentenario de la guerra por la independencia. La ocupación de Betanzos y su tierra por los franceses en 1809. 163 días de suplicio en la voz del pueblo*, da autoría do cronista oficial da cidade, José Raimundo Núñez-Varela y Lendoiro.

16-29 de abril de 2013

Na Sala de Exposicións do edificio Liceo puido contemplarse a exposición colectiva titulada «Dezaseis anos de crise», da que son autores os membros do Grupo Crise.

19 de abril de 2013

No edificio liceo tivo lugar a presentación do libro «Los libros prestados», editado por Libros de pizarra, tradución ó castelán da obra *Os libros prestados* do autor Xabier López López.

20 de abril de 2013

Con motivo da celebración do Día Internacional do Libro, celebrouse na Biblioteca Municipal Castelao de Betanzos un Obradoiro de Manga dentro do programa de dinamización da lectura «Ler conta moito» promovido pola Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia.

23 de abril de 2013

Organizado polo concello para conmemorar o Día do Libro, tiveron lugar sesións de contacontos nos distintos colexios da cidade.

Abril de 2013

Ó longo deste mes veu desenrolándose nos centros educativos o Plan de Prevención de Drogodependencias, organizado polo concello dentro do Programa de Intervención Socioeducativa nas Aulas. Estas sesións foron conducidas pola actriz, María Inés Cuadrado.

Maio

Ó longo deste mes levouse a cabo o programa de actos das Letras Galegas, organizado polo Concello, que este ano estivo dedicado a Roberto Vidal Bolaño. Para o seu desenvolvemento contouse coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, aparte das propias institucións municipais como o Museo das Mariñas co mes de portas abertas.

1 de maio de 2013

A Escola municipal de Folclore cantou os maíos en diferentes lugares da cidade.

3-5 de maio de 2013


Organizado polo Comité do Centenario do Ferrocarril Betanzos-Ferrol, coa participación do Concello, celebráronse os actos de conmemoración da inauguración desta liña de ferrocarril. Con este motivo celebrouse a conferencia «Os inicios do ferrocarril Betanzos-Ferrol» no edificio Liceo a cargo do director do Anuario Brigantino, Alfredo Erias. Como broche desta conmemoración tivo lugar unha viaxe en tren de época, con participación dos distintos concellos do traxecto, descubriéndose unha placa conmemorativa en cada estación do percorrido.

3 de maio de 2013

Os comerciantes betanceiros celebraron unha nova edición da Fashion's Night Out, ampliando o seu horario e unha maneira diferente de ver e disfrutar do comercio con degustacións, agasallos, varias actividades e descontos especiais.

4 de maio de 2013

Organizado pola Biblioteca Municipal Alfonso Castelao tivo lugar un conta contos titulado *Contos do mundo* dentro do programa de dinamización da lectura «Ler conta moito», promovido pola Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia.



Veriga



Erias



6-9 de maio de 2013

Ó longo destes días desenroláronse os obradoiros de creación literaria nos centros educativos da cidade, organizados polo Concello e que estiveron a cargo do escritor, Miguel Anxo Fernán Vello e do xornalista, Manuel Guisande.

8-9 de maio de 2013

Celebráronse nos colexios da cidade actividades de contacontos e obradoiros relativos ó Día das Letras Galegas, organizados polo Concello, que foron realizados pola compañía Xandobela.

Maio de 2013

O Concello adquiriu unha barredora de dimensións reducidas para ter acceso ás rúas do casco histórico. Así mesmo dotouse dun elevador para o servizo de cemiterio.



10 de maio de 2013

O alcalde, D. Ramón García e varios concelleiros homenaxearon no edificio Liceo ó estudante betanceiro Pedro Varela Vázquez, licenciado en Economía pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago, tras ser distinguido polo seu expediente cunha mención de honra na última convocatoria dos Premios Nacionais de Fin de Carreira por parte do Ministerio de Educación.



10-12 de maio de 2013

Celebráronse no edificio Liceo as «II Xornadas de formación e sensibilización sobre a atención á diversidade» organizadas polo CEIP Fco. Vales Villamarín, ANPA Brigantium, ANPA O Carregal, CFR A Coruña, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Betanzos. Conferencias, obradoiros, debates e exposicións para formar e informar para a atención á diversidade do alumnado.

11 de maio de 2013

Organizado polo concello celebrouse na igrexa de San Francisco un concerto da Orquesta Gaos, baixo a dirección de Fernando Briones, que contou coa participación do trompa solista David Fernández.

13 de maio de 2013

O presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijoo inaugurou o albergue de peregrinos da rúa da Pescadería. No acto estivo acompañado do alcalde, D. Ramón García e outros concelleiros

e personalidades. O edificio está situado en pleno casco histórico e conta con trinta e dúas prazas.



14 de maio de 2013

Para os centros escolares da cidade celebráronse as sesión do concerto didáctico titulado *Xira máxica*, a cargo do músico Roi Casal e a cantante Silvia Ferre, coa organización do Concello de Betanzos.

15-31 de maio de 2013

No edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada «Autor, actor e público do aquí» gañadora do Concurso para a elaboración da exposición sobre o autor homenaxeado o Día das Letras Galegas.

17 de maio de 2013

Na Sala Xulio Cuns do edificio Liceo, tivo lugar o acto de entrega dos premios do IV Concurso de carteis das Letras Galegas e do III Concurso de creación literaria. Os gañadores das distintas categorías foron: Ana Ulfe Sánchez, en categoría infantil 2º ciclo; Julia Nieto Mantiñán, categoría infantil 3º ciclo; Alfredo Crespo Otero, categoría xuvenil en ESO; María Santamariña Ruíz de León, categoría xuvenil de bacharelato. Alejandro Pisonero López e Javier Borrazás Doldán, alumnos de Nosa Señora do Carme «Atocha» foron os gañadores do Concurso de carteis das Letras Galegas. Pechouse o acto cunha actuación espectáculo infantil «Spaguetis á bolañesa» inspirado nas personaxes e historias de Roberto Vidal Bolaño en homenaxe ao autor no Día das Letras Galegas por conta de DINAMOTEatro e organizado polo Concello de Betanzos.



César

17-29 de maio de 2013

No edificio Liceo puido verse a exposición colectiva de fotografía, *Ollando a Lusofonia*, dentro das propostas do III Congreso Natureza e Imaxe, organizadas polo Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) e o Consorcio As Mariñas.

18 de maio de 2013

Na Sala Xulio Cuns do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra *Curriculum Vitae*, interpretada pola compañía Redrum Producciones, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

Maio de 2013

Dentro das actuacións do Concello para a dinamización e o apoio ó comercio da cidade, desenrolouse ó longo deste mes un concurso de escaparatismo e un de fotografía de escaparates. No primeiro participaron 15 establecementos, no que resultou gañador a tenda de moda Chocolat, situada na rúa dos Prateiros. O segundo para Óptica Brigantium e o terceiro para calzados Escala. No concurso de fotografía foron gañadores: Laura Muiño con «O reflexo dunha praza» que acadou o primeiro premio; Francisco J. Domínguez, «Ferretería el Caballo», segundo e José Togores con «Chocolat», terceiro.

24 de maio de 2013

Os escolares do colexio Vales Villamarín disfrutaron da visita do escritor Xosé Neira Vilas. No encontro os alumnos deron lectura a poemas e realizaron representacións teatrais das súas obras.

26 de maio de 2013


Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación da obra «BailadELAS. Seis mulleres boloñesas» pola compañía Teatro Antroido, organizado polo Concello de Betanzos.

Maio de 2013

A Unesco ven de declarar As Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo como reserva mundial da biosfera. A área abarca dazaioito concellos, entre os que se atopa o de Betanzos. Esta declaración foi recollida en París polo presidente do GDR As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, D. José Antonio Santiso.



elidealgalego



1-15 de xuño de 2013

No edificio Liceo tivo lugar a exposición de pintura «Camino de Santiago de la Pintura», do artista zamorano, Francisco Pérez Alonso.

5 de xuño de 2013

Presentouse na cidade de Toledo o libro ‘Nuestros Símbolos. Armas municipales de Valmojado’, da autoría do betanceiro, José-Domínguez Vales Vía. O libro foi editado polo concello de Toledo co patrocinio da Deputación Provincial de Toledo.



7 de xuño de 2013

Celebrouse no Cine Alfonsetti un concerto do cantautor madrileño Fito Mansilla, dentro do Ciclo Brigamusic 2013, organizado pola OMIX do Concello de Betanzos.

8 de xuño de 2013

Celebrouse o I Trail do Mandeo «Comercio de Betanzos. Caneiros sostible», cun percorrido polos sendeiros e camiños á beira do río Mandeo para dar a coñecer os seus valores paisaxísticos e naturais. A organización correu a cargo de Campo IV, asociación de comerciantes betanceiros e Concello de Betanzos.

8 de xuño de 2013

Celebrouse no auditorio do Pasatempo un festival para recaudar fondos para unha prótese que precisa Alberto Castro, coñecido musicalmente como «Flis» quen perdeu unha das súas mans nun accidente de traballo. Participaron un total de vintecatro grupos de Betanzos e comarca.




Arume



8 de xuño de 2013

Celebráronse nas pistas polideportivas do Carregal a V Xira de Minibasket «Consorcio das Mariñas», nas que participaron arredor de 200 nenos que conforman as distintas categorías das agrupacións deportivas da comarca.



8 de xuño de 2013

O escritor betanceiro e bergondés, Xabier López, gañou o XXX Premio Xerais de novela por «Cadeas». A entrega do premio tivo lugar na illa de San Simón. Os nosos parabéns.





11 de xuño de 2013

Os integrantes e directivos do equipo de fútbol Sala Troula Betanzos foron recibidos polo alcalde no edificio Liceo despois de proclamarse campións da Liga Galega Norte e campións galegos.

14 de xuño de 2013

O deputado provincial e responsable de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo, D. Antonio Cañas e o alcalde, D. Ramón García, presentaron no edificio Liceo a nova Sede Electrónica do Concello, acercando deste xeito a administración ós cidadáns. O método de acceso é a través da páxina web do Concello: www.betanzos.es.

15 de xuño de 2013

Na praza da Constitución, organizado polo Concello, tivo lugar o XVI Encontro de Bandas de Música, no que participaron a Banda de Música de Arca, a Banda de música Vila de Cedeira e a Banda Municipal de Betanzos.



15 e 16 de xuño de 2013

O Pavillón Polideportivo acolleu o I Congreso Internacional de Artes Marciais e deportes de contacto, organizados polos clubs: Caneiros, Drazydoogteam e Bapu, coa asistencia de arredor de douscentos participantes.

17-30 de xuño de 2013

No edificio Liceo puido contemplarse a exposición de pintura *La ciudad y las personas*, do artista coruñés Marcos Real.

18 de xuño de 2013

O alcalde, D. Ramón García participou xunto co director de relacións institucionais de Vegalsa-Eroski, D. Javier González; a xefa de zona, D^a Manoli Presas e a xefa de tenda de Betanzos, D^a Sonia Gómez, no acto de presentación do novo supermercado Eroski, á beira do río Mendo, acto que se celebrou no edificio Liceo.

21 de xuño de 2013

Os integrantes e representantes do Clube de baloncesto Santo Domingo foron recibidos no edificio Liceo polo alcalde, D. Ramón García, en recoñecemento ós éxitos acadados ó longo desta tempada nas distintas categorías do clube.

22 de xuño de 2013

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar un concerto do cantautor ferrolán Marcos Mella,



presentando o seu novo disco «La canción del bolsillo roto», dentro do Ciclo Brigamusic 2013, organizado pola OMX do Concello de Betanzos.

22 de xuño de 2013

Celebrouse o «Reto de natación 24 horas», organizado pola empresa concesionaria das instalacións deportivas Aquagest e o Concello, co obxectivo de recaudar alimentos para a Cruz Bermella.

Xullo-Agosto de 2013

Ó longo destes meses véuse desenrolando o programa de Actividades de Verán organizados polo Concello, con campamentos, talleres, actividades deportivas, etc.

2-14 de xullo de 2013

Tivo lugar no edificio Liceo a exposición «Betanzos: dibujo urbano», da que é autor o artista madrileño, Julián Ardura.



Arume

4 de xullo de 2013

O alcalde, D. Ramón García recibiu no edificio Liceo ós integrantes das diversas categorías do Betanzos C.F. en recoñecemento dos éxitos deportivos da tempada pasada.

6 de xullo de 2013

Celebrouse a segunda edición de «Caneiros en Familia», iniciativa do Concello para fomentar os valores tradicionais da romaría dos Caneiros.

12-14 de xullo de 2013

Celebrouse a XVI edición da Feira Franca Medieval na que tiveron lugar diversas recreacións históricas, realizadas en colaboración de voluntarios e grupos teatrais: tributo das cen doncelas, queima da bruxa, expulsión de leprosos, queima da cidade con carreira de bocois e torneos medievais. A feira deu comezo coa inauguración do alcalde, D. Ramón García e a lectura do pregón a cargo do arquitecto e profesor D. José Manuel Vázquez Mosquera.



César

Pregón da XVI Feira Franca Medieval

Autoridades, amigos, veciños, feirantes, visitantes, xentes de aquí e de acolá. Benvidos á conmemoración deste feito que foi determinante para este pobo e a súa xente. A Feira Franca. Corría a metade do século XV, cando o rei Enrique IV, concedeulle a moi nobre cidade de Betanzos o dereito a celebrar unha Feira Franca, durante un mes xentes e bens protexíanse e liberábanse do pago de impostos. Era o xeito de atraer e mesturar produtos e xente, de crear riqueza e cultura. A historia, como ben sabedes, ten por costume atribuírlle os méritos aos reis e os nobres. Hoxe, dende aquí quero reivindicar os méritos para o pobo de Betanzos.

Primeiro pola súa localización, onde os dous ríos, Mandeo e Mendo xuntan as súas augas para así crear unha ría singular e rica, aos pés do castro de Untia onde as xentes se xuntaron para aproveitar as condicións xeográficas, ben soleados e protexidos dos ventos, ou sexa nun «lugar de benestar».



Erías

Segundo pola riqueza do seu entorno, un chan xeneroso, rico en variedades e de abundante produción. Xa os historiadores contan que os descendentes de Noé, o rei Brigo escolleu estas terras para asentarse despois de percorrer o mundo coñecido por, segundo contan: « a excesiva abundancia e excelencia das augas, a frondosidade e frutífera amenidade dos vales, o verdor dos montes, a riqueza e variedade dos aires e a abundancia de caza e pesca».

E terceiro, e mais importante, pola súa xente, acolledora (e eu podo dar fe disto polo que me ocorre cada día e hoxe especialmente), aberta, solidaria, emprendedora, amante do seu, loitadora e defensora da súa terra e dos valores que leva consigo, corteses e amables... cabaleiros, como o seu nome indica. Son pois estes os méritos e é este o pobo que acadou o que hoxe conmemoramos.

Lembramos pois, este feito singular para o pobo e por iso engalanámonos nós e a cidade para convocar e invitar ás xentes a participar deste encontro, que perante tres días gocen dos diversos eventos. Poderanse mercar todo tipo de agasallos e recordos, xoguetes, libros, xoias, perfumes, roupa... saborear un neto de viño do país, unha cervexa, un prato de polbo, unha tortilla, uns pimentos... participar dos espectáculos, bailes, música, cantigas, ou das actuacións dos cabalistas, a expulsión dos leprosos, a carreira dos bocois... sempre unha lembranza, unha conversa e unha enchente, porque sabido é, que cando non sobra falta, e débese volver sempre cunha historia para lembrar ou esquecer. Iso é a feira.

Celebrámola na rúa, a rúa coma sala de reunión, onde convivimos, onde coincidimos, e onde nos xuntamos, para facer sitio, porque onde estamos solos non hai sitio, o sitio é un acordo cos demais para compartir experiencias e momentos, porque asociamos feitos con lugares, e por iso, tamén vos invito a un ollar mais profundo para que recoñezades signos e marcas, caligrafías escritas nas construcións e nas casas, para recoñecer as nosas raíces escritas nese «presente conservado», coma imaxes sempre novas. Porque non hai historias sen lugar, tampouco hai lugar sen historia. Tódalas culturas constrúen espazos artificiais para materializar a súa ideoloxía dominante e neste recuncho no que nos atopamos poderemos ver claramente as nosas raíces, as heranzas que hoxe con xúbilo facemos presentes, esa caligrafía de «imaxes novas» coma novas raíces, coma a dimensión espiritual do material presente na nosa memoria.



César



Arume

Porque, amigos, as historias, as fantasías e a imaxinación son compoñentes indisolubles da realidade e témolas que rescatar do esquecemento ao que as somete a vida cotiá. É na feira precisamente onde os contos trócanse reais e avivan o noso afán de inventiva e de fabulación dunha nova realidade por descubrir.

Fronte á globalización, ou sexa ao máis do mesmo, onde todo progresa menos o home, onde as relacións humanas substitúense por unha cultura analóxica, da virtualidade, a feira ven a representar os valores da condición humana, convivencia e contacto, intercambio, mestura, encontros, por iso, podemos dicir que a feira é o momento da realidade, chea de imaxinación e fantasía, pero tamén podería ser o espello que coma a Alicia nos permita atravesalo e así responder cunha realidade imaxinada nova a esta terra e a esta xente rica en valores e potencialidades.

E cando nos pregunten de onde vés? Respondamos: da feira, da Feira Medieval de Betanzos.

Amigos, veciños, «venideros», invitados, feirantes, xente toda... a desfrutar!

VIVA A FEIRA MEDIEVAL DE BETANZOS!

17-31 de xullo de 2013

No edificio Liceo presentouse a exposición «Remando ata os Caneiros», organizada polo Concello de Betanzos. Nela puideron verse numerosas fotografías, moitas delas inéditas, sobre a evolución da romaría dos Caneiros.

Xullo de 2013

Despediuse das súas parroquias de Betanzos o párroco, D. Manuel Rodríguez Rodríguez, que viñera desempeñando este cargo desde febreiro de 2002. O seu novo destino foi a parroquia de San Luis Gonzaga, na Coruña.

19 de xullo de 2013

O Concello presentou unha nova guía da cidade, titulada: *Betanzos, historia viva*.

20 de xullo de 2013

Na Praza do Pintor Seijo Rubio e organizado por Airapro Producións tivo lugar o espectáculo «Ola Betanzos!», concerto acústico e sinatura de discos de Heredeiros da Crus.

20 de xullo de 2013

Celebrouse a VI Ruta da Auga, organizada polo Clube BTT Caimanes, con diversos percorridos segundo a categoría polas beiras do río Mandeo e no que houbo arredor de setecentos participantes.



Artume



Ertias

22-24 de xullo de 2013

Desenrolouse ó longo destes días a XIII Semana Internacional de Cine de Betanzos, organizada pola Universidade da Coruña coa colaboración do Concello de Betanzos e co apoio da Xunta d e Galicia, o CGAI, supermercados Gadis e o Corte Inglés. Este ano estivo adicada ó director, Jorge Algora e á productora Susana Maceiras, de Adivina Producciones. Este ano participaron, entre outros, Deborah Vukusik, Lúa Testa, Chete Lera, Christian Escudero, Rubén Prieto, Noemí Restrebada, Estíbaliz Veiga, Mariana Expósito e Héctor Carré. A dirección do evento correu a cargo de José María Paz Gago. Os actos consistiron na proxección de películas, así como en encontros de actores.

25 de xullo a 1 de agosto de 2013

O Concello decretou estes días de loito, suspendendo todos os actos previstos, con motivo do accidente ferroviario acaecido en Santiago.

Xullo de 2013

O Concello e o Consorcio das Mariñas iniciaron as obras de mellora e reposición das zonas verdes do parque do Pasatempo, dentro do Plan de Dinamización Turística do Consorcio.

2 de agosto de 2013

Na Praza da Constitución tivo lugar un concerto a cargo de Juan Carlos Casal Grupo, dentro do programa de actuacións do II Festival BetanJazz, organizado polo Concello de Betanzos.



5 de agosto de 2013

O Concello entregoulle unha placa ó corpo de Voluntarios de Protección Civil, en recoñecemento pola súa labor de asistencia ás vítimas e ós seus familiares no accidente ferroviario de Santiago.

8 de agosto de 2013

O debuxante Luís Galán presentou na cafetería Lanzós, «15300», unha edición de carpetas con debuxos de Betanzos, entregando á Cruz Vermella.

10-11 de agosto de 2013

Celebrouse na Praza da Constitución, organizada polo Concello, a «I Mostra de Viños e produtos das Mariñas», para promocionar os produtos autóctonos de Betanzos e comarca. O acontecemento foi presentado polo alcalde de Abegondo, José Antonio Santiso, como presidente do Consorcio das Mariñas, e polo alcalde de Betanzos, José Ramón García.

11 de agosto de 2013

Celebrouse no Matadeiro o VII Torneo San Roque, organizado polo Clube Xadrez Betanzos, no que houbo arredor de setenta participantes.

13 de agosto a 15 de setembro de 2013

Na sala de exposicións do edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada «Betanzos virtual B y algo más», de Ana Fonticoba.

Agosto de 2013

Inaugurouse neste mes a librería Biblos, no casco histórico de Betanzos, que desenrolou ó longo do ano unha ampla labor de dinamización cultural.

13 de agosto de 2013

Na igrexa de San Francisco tivo lugar o Concerto Cidade de Betanzos coas actuacións da Agrupación Musical Carlos Seijo, a Coral Polifónica de Betanzos e a Banda Municipal de Betanzos.



14 de agosto de 2013

Na praza da Constitución, o alcalde, D. Ramón García, coroou á raíña das festas, a moza brigantina, Ana Vázquez Amor. Seguidamente, desde o balcón da Casa Consistorial, tivo lugar a lectura do pregón, que correu a cargo do mestre e ilustrador betanceiro, Xosé Tomás. Este acto representou o comezo oficial das festas que este ano, entre outras atraccións, contou coa da banda de Roi Casal e da moza betanceira Aixa Romay.

Pregón das Festas de San Roque

Querida Raíña, excelentísimas autoridades, convecviñas e conveciños, amigos visitantes. Sempre é un pracer e unha honra enorme estar aquí, neste balcón, abrindo unhas festas tan especiais coma as nosas. É importante porque estas festas nos lembran que, a pesar de todos os pesares, vivimos as esencias da nosa existencia: amigos, reencontro, celebración, ritos, todo o que nos fai ser o que somos. E así ano a ano, bendita cadencia.

Pero para un betanceiro coma min o orgullo é dobre, por moitos motivos. Porque cando un era cativo e corría por esta praza, sempre asociaba este edificio e este balcón ás cousas importantes, elevadas, as que movían o mundo. E hoxe un séntese pequeno, e fondamente agradecido, porque hoxe toca devolverlle a esta cidade o que esta cidade me ten dado, nos ten dado a tantos e tantas.

Supoño que non é frecuente facer dun pregón daqs festas unha lista de agradecementos, pero creo que hoxe, en conciencia, é obrigado.

Porque as nosas cidades, vilas aldeas, a fin de contas os nosos ecosistemas, son as que nos dan forma, nos perfeccionan, e mesmo nos deixan feridas. Pero constrúen as nosas identidades, porque somos seres sistémicos, e somos moldeados polos espazos e os tempos...os espazos e os tempos.

Eu, coma moitas e moitos, fun modelado por esta cidade, e grazas á súa impronta, acabei dacadalo da creación visual, e desá outra arte chamada educación (porque, non o esquezamos, ha de ser unha arte para ser xenuína). E débolle a esta maravillosa vila moitos dos motivos que me levaron por estes dous camiños. Falando de educación, non podo evitar facer unha sentida homenaxe ás Escolas García Irmáns, e de maneira particular a aquel Don José Dapena, que tantas vidas perfeccionou nos seus estadios máis temperáns. Onde queira que se atope agora, de seguro estará ensinando a dividir con chapas de refrescos. Escolas de aquí, de Betanzos, feitas á medida dos nenos e nenas, e da súa dignidade. Onde os espazos e os tempos estaban pensados e calibrados para aprender, sobre todo, e ante todo, nocións de vida.

Espazos para aprender mitoloxía cando xogabamos ao fútbol no patio, porque a portería empezaba en Palas Atenea e remataba en Mercurio, ou mesmo o sistema solar se tocaba botar unha partida ás canicas no chan: todos pelexabamos por Xúpiter, e o último en elixir sempre quedaba con Neptuno...tan pequeno!

Esas escolas nosas marcáronnos a moitos profesionais da educación, e aínda hoxe seguimos añorándoas polos seus métodos, a súa lenta e amorosa cadencia, coma un redutos de pedagogía de altura, dun humanismo que o penetraba todo.

Esas escolas, exemplo do que os colexios deberían ser hoxe, e mesmo do que os cidadáns debemos aos nosos fillos, crearon persoas reflexivas, inqedas, adaptativas e moi, moi curiosas. Porque é nelas onde se fan, ou desfán, aos creadores, aos líderes, aos pensadores, e aos que día a día levan a vida adiante. Esa creatividade, tan necesaria para a vida, tanto como dicía o pedagogo e poeta Gianni Rodari:

«O uso total da expresión

semella un bo lema de fermoso son democrático

Non para que todos sexan artistas, senón paqra que ninguén sexa escravo».



Arume



E eu, coma outros, non podería hoxe ser un profesor sen ter visto aquilo, sen ter vivido e sentido aquilo. E iso débollo a esta vila que me veu nacer.

E aquelas aulas foron, coma moitas outras obras civís, resultado do afán altruísta de dous betanceiros, os irmáns Juan e Jesús García Naveira. Tocados pola valentía dos visionarios, que ven camiños onde os demais só atopan dificultades, abriron infinidade de portas e oportunidades para tantas e tantas persoas. E construíndo non só escolas, senón asilos, un lavadeiro, e un parque enciclopédico absolutamente impensable, estimularon a conciencia cidadá, e, como non, a creatividade das persoas. Demostraron, nun estilo ecléctico e mesmo naïve, pero cheo de nobres intencións, que os soños están preto do cotián, e nun arrebato de realismo máxico, fixéronnos viaxar a outras latitudes, coñecer outras culturas, outras floras e outras faunas. Fixeron do Paqsatempo un libro de pedra, que ensinaba cos sentidos, e que convidaba a construír o coñecemento en movemento, dende dentro, como se dos mellores pedagogos se tratase.

Mais eu debo a esta cidade non só un profundo amor á profesión docente, senón dunha maneira moi especial, a admiración pola arte, pola estética e a imaxe. Amigos e amigas, abride os ollos: estamos rodeados de beleza. Baixo os nosos pés atópase unha cidade medieval, de círculos concéntricos, de rúas estreitas e radiais, que converxen aquí mesmo, no epicentro do reducido mundo dos moradores daquela época. Aqwuí, a carón da tamén medieval Igrexa de Santiago. E esa Idade Media comezámola un pouco máis abaixo, na porta da Vila, para ir percorrendo estilos e épocas. O modernismo do Hotel Rúa Nova, da casa Núñez, ou se continuásemos descendendo, da casa Etcheverría ou do Matadeiro Municipal. Mesmo os farois que nos flanquearon nesta subida ou o palco da música nos retrotraen a esa mesma tendencia.

E a escasos metros, á nosa dereita, os séculos XVII e XVIII, no pazo de Lanzós, ou o pazo d Marqués de Bendaña. E o neoclásico chéganos neste mesmo edificio onde nso atopamos, que nos eu tempo serviu de residencia ao corrixidor da cidade.

Betanzos é, e sempre foi, unha constante sorpresa para os sentidos, unha cidade visual. Lembro, de adolescente, ter collido a miña cámara e camiñar por estas rúas coa única intención de deixarme seducir pola diversidade dos estilos, polas cores e as formas, os detalles insignificantes e a magnificencia noutros casos, polas perspectivas, os volumes, as subidas, as baixadas, que de súpeto variaban cando chegaba a noite, adquirindo novos e inesperados matices. Un ir e vir de miradas, de capturas, de impresións, que deixaban pegada na retina e na vontade. Unha mestura de sensacións que fai que a vila se convirta nunha lección de arte permanente, nunha clase sen paredes.



Arume



E resulta tan plástica esta nosa cidade que o símbolo das súas festas é un hiperbólico soño visual, un globo de papel, o máis grande do mundo, froito desa creatividade tan necesaria e tan definitiva do que debemso ser, a creatividade dun Claudino Pita que materializou unha visión, para convertela na icona dunha comunidade. Seguramente algo desta vila tamén estimulou nel a capacidade de mirar, a fe na utopía que, sempre que a vontade se cruza, crea realidades, e realidades fermosas e duradeiras. Ese globo, atrezado de imaxes e reflexións gráficas, congrega a xeracións de persoas que pregan que suba e voe, que gozan de el, porque non é nada máis, e nada menos, que un soño.

Queridos amigos e amigas. É o tempo de soñar. De vivir. Que as crises non nos ceguen, e que, pola contra, nos fagan máis creativos, e que agudicen, coma esta cidade, os nosos sentidos. Que o espírito dos betanceiros de antes e os de agora nos fagan sentir o calor da celebración.

FELICES FESTAS!!!

15 de agosto de 2013

Na praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da raíña infantil das festas, a fermosa rapaciña Carla Danjun Vázquez Barreiros, que recibiu a coroa de mans do alcalde, D. Ramón García. Seguidamente, o mozo, Ángel Gómez Reigosa, deu lectura ó pregón infantil.

Función do Voto (16 de agosto)

Señor San Roque:

Cumpro cunha tradición de séculos, ter hoxe a honra de estar diante de Ti en representación do Concello de Betanzos. Coa emoción lóxica que sentimos os betanceiros cando nos diriximos a Ti, mais tamén con tristura que lle produciu á nosa vila o tráxico accidente ferroviario de hai uns días en Santiago. Traio comigo unha chea de agradecementos, e tamén de desexos, de esperanzas e ilusións que o noso pobo xustamente ten o dereito lexítimo de procurar.



Arume

Este día, quero comezar facendo un voto pola convivencia, no desexo de que todas e todos xuntos construíamos unha sociedade cada día máis aberta, máis culta, máis tolerante, máis cívica. Vivimos un momento clave no que a sociedade debe adaptarse aos novos tempos, a novas formas de relación, a novas realidades e situacións. Asumimos ese reto e facémolo como sempre o fixemos os betanceiros, con decisión e determinación, convencidos de que podemos salvar as dificultades, resolver os problemas, seguir medrando, e facendo un Betanzos mellor, onde todos poidamos vivir con respecto mutuo, sen perder os dereitos que con xustiza nos pertencen como persoas.

Porque estou convencido de que a sociedade que anhelamos, a cidade que queremos, o que perseguimos, só é posible dende a liberdade, a tolerancia, a solidariedade e o esforzo común. Son esas calidades, e o esforzo común de todos e de todas, o que fixo posible o noso Concello e son estes mesmos valores sobre os que podemos avanzar con seguridade cara ao futuro.

Betanzos solicita, Señor, a vosa intervención para superar os retos que acompañan os difíciles momentos que vivimos a nivel xeral. Como sociedade valente e emprendedora, que non se resigna pasivamente a esperar a fin dos problemas senón que quere ser parte da súa solución, invocamos a túa protección para que nos axudes e nos deas a enerxía necesaria para loitar unidos por un futuro máis próspero, un mañá mellor.

Todo isto, Señor, prégo-lo nunha cidade que é consciente de que é o momento de emprender unha tarefa común que a todos nos incumbe, unha reconstrución económica e social do país, un novo modelo que amplíe as oportunidades de progreso de toda a cidadanía. Temos moito traballo por diante, moito que refacer doutro xeito e precisamos de todos e todas para facelo.

Neste proceso, Señor, sentimos que é imprescindible contar coa participación da xuventude, porque non podemos resignarnos a considerar os nosos mozos como unha xeración perdida, xusto ao contrario, que remos facer deles verdadeiros protagonistas do futuro e non desistir no noso empeño de que eles acheguen o seu impeto e a súa fortalez nesa viaxe cara a unha nova sociedade que agora emprendemos.

Nestas tarefas pídoche que nos axudes, para que a nosa mocidade en vez de camiñar de novo cara a migración milenaria, volvan a ter traballo en Galicia. Axúdanos tamén para que a pobreza, que xa é unha triste realidade en moitas familias galegas, quede borrada do noso mapa social. E que pouco a pouco poidamos recuperarnos desta situación económica e poidamos baixar un dos maiores problemas que temos nesa sociedade como é o do desemprego.

Non me esquezo de tantos emigrantes da nosa terra que, cheos de pena e de tristura por non estar nestas festas na súa vila, miran hoxe cara a Betanzos, dos maiores, dos doentes... a todos eles protéxeos como sempre fixeches.

Pídoche, Señor San Roque, que nos axudes neste traxecto, que non deixes que o medo ao futuro nos atenace, e que fagas de nós un exemplo de ilusión e de esperanza no porvir.

José Ramón García Vázquez (Alcalde)

16 de agosto de 2013


O globo de papel, que vén realizando a familia Pita, emprendeu como cada ano a súa viaxe cara ó ceo brigantino. Este ano foi parar a Mandaio, no concello de Oza-Cesuras.

18 e 25 de agosto de 2013

Gran cantidade de persoas en lanchas engalanadas disfrutaron destes dous días de festa polo río e campo dos Caneiros. O Concello premiou as lanchas mellor engalanadas que foron: «Frojan», propiedade da Asociación Recreativa e Cultural «Mariñeiros do Regato dos Mouros», a de José Luis Barral e a de Pablo González.



Artume



Agosto de 2013

Editáronse tres libros de Santiago de la Fuente, falecido no pasado ano de 2012: La técnica descriptiva en las muertes de la Ilíada, Intimidaciones desde Concón, e Educación para el desarrollo. Esta iniciativa debeuse ó seu irmán Vicente.

Agosto e setembro de 2013

Ó longo dos fins de semana destes dous meses desenrolouse o ciclo de música Brigamusic 2013, que contou coa participación dos grupos: Los Inesperados, Mr. Degrees e Baldosa Amarilla, Diadermin, Key Blue, Doctor Gringo e Buloc.

24 de agosto de 2013

Celebrouse o XXVIII Trofeo Travesía Ría de Betanzos, organizado polo Clube de Piragüismo Ría de Betanzos, coa asistencia de numeroso participantes.

Agosto de 2013

Con motivo das festas patronais organizáronse polo Concello varias actividades de dinamización lingüística adicadas ós nenos, dentro da Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia. Leváronse a cabo os espectáculos de «Rosalia Pequeniña» con Uxía Senlle e o do cómico, Peter Punk.

Setembro de 2013

A Asociación de Veciños da Magdalena e a Condomiña organizou para os fins de semana deste mes varias actividades co lema «En cada esquina un amigo», nas que participou cunha conferencia o historiador, Xesús Torres Regueiro.



Artume

8 de setembro de 2013

Celebrouse a tradicional romería dos Remedios no barrio da Ponte Vella, que cngregou, como vén sendo habitual, a numerosas persoas da comarca.

22 de setembro a 10 de outubro de 2013

Celebrouse a II Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo que organizou a Asociación Fragas do Mandeo e a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos. Conferencias no edificio Liceo, exposicións, excursións e xornadas de voluntariado con limpeza das marxes do río, foron algunha das actividades que se levaron a cabo.

27 de setembro de 2013

O Clube Kwon en apoio da loita contra a violencia de xénero, ofreceu ó Concello un curso gratuito de defensa persoal para as mulleres betanceiras. O curso desenrolouse nos meses de setembro a decembro.



Arume

Setembro de 2013

Foi nomeado como párroco das parroquias de Betanzos D. Santiago Pérez González.



Arume

27 de setembro de 2013

Na Aula de Cultura Xulio Cuns do edificio Liceo presentouse o nº 35 do Anuario Brigantino. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Ramón García, a quen acompañaba o concelleiro de cultura, D. Francisco Díaz Pereira e o director da publicación D. Alfredo Erias. A presentación correu a cargo do historiador e investigador, D. Carlos Pereira Martínez.

1-10 de outubro de 2013

Tivo lugar no edificio Liceo unha exposición de pinturas e debuxos de flora e fauna galegas do ilustrador Carlos Silvar, organizada pola Fundación Fragas do Mandeo.

2-14 de outubro de 2013

Na Sala de Exposicións do edificio Liceo tivo lugar a exposición titulada «30 aniversario Santo Domingo», organizada polo Club Baloncesto Santo Domingo Betanzos en conmemoración do seu trixésimo aniversario.



4-13 de outubro de 2013

Celebrouse ó longo destes días a III Semana da Tortilla de Betanzos, organizada polo Concello e que contou coa participación dunha ducia de locais de diferentes puntos da cidade. O premio para a mellor tortilla foi para Casa Miranda.

4 de outubro de 2013

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar un concerto por conta do Único Trío de Bogotá (Colombia), dentro do XXIV Festival Internacional de Música de Pulso y Púa «Ciudad de Cristal» que organiza a Agrupación Musical Albéniz, coa colaboración do Concello de Betanzos.



7-9 de outubro de 2013

Desenvolveuse no edificio Liceo o IX Festival Internacional de Títeres Consorcio das Mariñas (Galicreques 2013), no que participaron os grupos: Ecuador Titiritainas, Galicia Títeres Cachirulo, e a compañía de Valencia Teatro La Estrella.

11 de outubro de 2013

Celebrouse a Vendima Infantil, organizada por Viña Ártabra e o Concello, na que participaron alumnos dos colexios Vales Villmarín e Atocha.

14 de outubro de 2013

O secretario xeral para o Deporte, D. José Ramón Lete e o alcalde, D. Ramón García supervisaron as obras de reparación e mellora da pista do Pabellón Municipal, para a que se contou coa colaboración económica da Xunta de Galicia.



Outubro de 2013

Deu comezo neste mes un Obradoiro de Emprego de atención sociosanitaria concedido pola Consellería de Benestar e no que participaron vinte e seis persoas, cunha duración de seis meses.

19 de outubro de 2013

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra *Viaxe a ningunha parte*, interpretada pola compañía Sarabela Teatro, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

Outubro a decembro de 2013

Desenroláronse ó longo destes meses as Xornadas de Linguaxe administrativa galega, organizadas polo Concello en colaboración co IES As Mariñas.



21 de outubro de 2013

D^a María del Rosario e D. Ricardo Gonzalez Rodríguez biznetos de D. Juan García Naveira, entregaron ó alcalde, D. Ramón García, para o Museo das Mariñas, unha placa de prata doada polas Escolas García Irmáns a D. Juan García Naveira en 1929 con motivo do seu oitenta aniversario. Entregáronlle así mesmo, unha paleta de prata coa inscrición seguinte: «Escuelas municipales Jesús García Naveira, colocación de la primera piedra, Betanzos 17-VIII-1917» .

25 de outubro de 2013

Na librería Biblos presentouse o libro Betanzos Magic Town da autoría dos profesores da Universidade da Coruña, Carmen Coto e Salvador Naya.

26 de outubro de 2013

Como vén sendo tradicional, os betanceiros que cumpriron o medio século reuníronse para celebrar o acontecemento.



26 de outubro de 2013

A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Betanzos recibiu en Santiago a Placa de honra da Orde do Mérito Civil polo seu labor no accidente ferroviario de Angrois. No acto foron homenaxeadas varias agrupacións de Protección Civil, Cruz Bermella, Policía Autonómica e Garda Civil.

4-14 de novembro de 2013

No edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada «De nuevo por aquí», da autoría de Rosi Vidal.

5-13 de novembro de 2013

No edificio Liceo tivo lugar a exposición titulada «Mulleres: protagonistas do desenvolvemento», organizada pola Organización No Gubernamental para el Desarrollo (ONGD) Jóvenes y Desarrollo e a OMX de Betanzos, coa colaboración da Xunta de Galicia e Cooperación Galega.

9 de novembro de 2013

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Carlos Blanco, Ao vivo (de momento)», interpretada pola compañía Carlos Blanco, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

10 de novembro de 2013

Na Aula de Cultura Xulio Cuns, tivo lugar un concerto por conta do grupo Dúo Scaramouche dentro do Memorial Carlos López García Picos, organizado polo Concello de Betanzos.

15 de novembro de 2013

No edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro, *Historia de Icíá e Avoa*, da ilustradora Sabela Arias Castro, organizado pola Asociación Cultural Eira Vella.



29 de novembro a 8 de decembro de 2013

Ó longo destes días desenrolouse a III Semana do pincho, organizada polo Concello en colaboración cos hostaleiros. Nela participaron 21 establecementos, sendo elixido como mellor o pincho de Hotel Palacete. O premio da votación popular foi para Casa Miranda.

Decembro de 2013

Todo este mes e parte do de xaneiro de 2014 desenvolveuse o programa de festexos de Nadal, organizado polo Concello, que contou coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado cun debuxo de Mario Iglesias Gestal do colexio Nosa Señora de Atocha, que resultou gañador do concurso de carteis de Nadal do Concello.

Decembro de 2013

Coñeceu a nova pola que a Feira Franca Medieval vén ser declarada, por parte do Consello da Xunta, de interese turístico de Galicia.



3-18 de decembro de 2013

No edificio Liceo presentouse a exposición titulada, «Experiencia creativa 2002-2012», da que é autor o escultor Francisco Escudero. Foi organizada polo Consorcio As Mariñas e o Concello de Betanzos.



Decembro de 2013

Neste mes o concello colocou detrás da torre de Lanzós unha caseta para gatos, que pasou a ser xestionada pola asociación protectora de animais *Gatocan*, e que permitirá controlar a colonia destes animais na zona.

9 e 10 de decembro de 2013

Nos centros de ensino do concello, organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña, desenroláronse varios obradoiros de danza moderna e actuacións do grupo *As Driadas* para o alumnado do centro.



10 de decembro de 2013

Na Aula Xulio Cuns do edificio Liceo tivo lugar un pleno infantil, organizado polo Concello de Betanzos en colaboración con UNICEF, o CEIP Francisco Vales Villamarín e o CPR Nosa Señora do Carne-Atocha.

Decembro de 2013

No cantón Claudino Pita celebrouse o mercado de Nadal, organizado polo Concello.

13 de decembro de 2013

Na librería Biblos de Betanzos presentouse o libro *O elefante branco*, da autoría do escritor e periodista betanceiro, Xesús Fraga.

14-29 de decembro de 2013

Desenrolouse na Aula de Cultura Xulio Cuns o V Ciclo de Teatro en Familia organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña AGADIC e coa colaboración da Xunta de Galicia e Gadis. Representáronse as obras seguintes: «Valados», interpretada pola compañía Artestudio Teatro; «Pío», pola compañía Caramuxo Teatro e «O soldadiño de chumbo», interpretada pola compañía Baobab Teatro.

14 de decembro de 2013

No edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro, titulado, «A cultura tradicional galega desaparecida. A vida no Ourovello (Paderne, A Coruña) 1950-2000» obra de Antonio Rodríguez Cabanas e Gonzalo Navaza. O acto, que se complementou con documentais etnográficos, foi organizado pola Asociación Cultural Roxín Roxal.

15 de decembro de 2013

Dentro dos actos de Nadal puido visitarse a partir deste día o belén móbil que dirixe D. Manuel López Castro, situado no segundo andar do edificio Liceo.

16 de decembro de 2013

Por iniciativa da Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (ACEBE) e co patrocinio da Deputación Provincial e Gadisa, inaugurouse neste día unha pista de xeo na praza do Campo, coa que os máis pequenos disfrutaron ó longo do Nadal.



Teresa García

19 de decembro de 2013

Inaugurouse no Museo das Mariñas a exposición itinerante, «Arquitectura e cultura nos conventos franciscanos en Galicia», realizada polos arquitectos, Antonio Amado Lorenzo, Marta Colón Alonso e Fernando Fraga López. O acto de presentación correu a cargo do comisario da mostra, D. Francisco Singul. A exposición foi realizada con motivo do octavo centenario da peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago, e organizada pola Xunta de Galicia, a S.A. de xestión do Xacobeo, o Consello de Europa e Camiño de Santiago, coa colaboración do Concello.



20 de decembro de 2013

Na librería Biblos de Betanzos presentouse o libro «100 anos do ferrocarril Ferrol-Betanzos (1913-2013)» de Guillermo Llorca. A presentación foi realizada polo director do Anuario, Alfredo Erias.



20 de decembro de 2013

No edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro «*La rebelión de los pigs*», da autoría de Luis Gorrochategui Santos. O acto de presentación correu a cargo de José Antonio Solís.

20-22 de decembro de 2013


A deportista do Clube Kwon, Laura Centoira, proclamouse campiona de España no campionato celebrado en Castellón.

22-31 de decembro de 2013

No edificio Liceo tivo lugar a exposición e mercado de labores e traballos realizados ó longo do ano polas persoas residentes do Centro Pai Menni de Betanzos.

27 de decembro de 2013

Tivo lugar no edificio Liceo a presentación do primeiro volume do comic «Historias de Betanzos», do debuxante betanceiro, Xosé Tomás.



Veiga

NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema

O Anuario Brigantino é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo criterio do Comité Científico.

Publicación

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, e Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fora da revista.

Formato e soporte

Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, R/ Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do Anuario, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

En canto ás ilustracións, o Anuario Brigantino caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común en canto o seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

Idioma

A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

Autor-Autores

Engadírase a dirección completa do autor ou autores, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servizos, se fora o caso, e o cargo que ocupan. Engadírase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

Sumario e Abstract

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumen na lingua do traballo e outro (*abstract*) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

Texto

Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilízanse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo aparte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.

As comiñas simples ‘ ... ’ resérvanse para encerrar significados.

As supresións de texto nas citas indícanse mediante tres puntos entre corchetes [...].

As intervencións do autor nas citas tamén se fará entre corchetes.

Citas bibliográficas

Aceptáranse dous sistemas, separados ou mixtos.

A) Na medida do posible farase uso preferentemente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espazo e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, iría o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluírase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Míguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificálas: (Monteagudo, 2000a)

Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre paréntese pónese só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máis pónese só o primeiro seguido de *et al.*

B) As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indícanse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

Bibliografía

A BIBLIOGRAFÍA situarase ó remate do traballo, seguindo unha orde alfabética por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os autores españois e hispanoamericanos ordénanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os anglosaxóns, rusos e portugueses, polo 2º apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOW, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indícarase o nome do autor (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación (entre paréntese seguido por dous puntos), *Título do libro en cursiva*. Editorial (Colección se é pertinente) e cidade. P. ex.: CHAMPEAUX, Gérard de, STERCKX, Dom Sébastien (1989): *Introducción a los símbolos*. Ediciones Encuentro (Colecc. *Europa Románica*, v. 7.), Madrid.

Se se trata da **edición dun texto** indícarase o nome do editor(es) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s)), ano de publicación, *Título da obra en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.) (2000): Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E incluírase unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza (2000) (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **aportación nunha obra colectiva**, indícarase o nome do autor (APELIDOS, nome) (ano de publicación): «título da aportación entrecomiñado», autor(es) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursivas*. Editorial (Colección), cidade: páxinas. P. ex.:

FRADEJAS RUEDA, José Manuel (2000): «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermond (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26): 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indícarase o nome do autor (APELIDOS, nome) (ano de publicación): «título do artigo». *Título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábicas, páxinas:

MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen (1998): «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad». *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie III, Historia Medieval, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun autor, poñerase APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espazos á marxe, indícarase o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un autor nun mesmo ano:

GARCÍA BELLIDO, A.

(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos». *Archivo Español de Arqueología*, XV: 78-108.

Documentos electrónicos en liña, exemplo:

<<http://hemeroteca.betanzos.net>> [Consulta: 30 maio 2010].

Corrección de probas

Correrá a cargo dos autores, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción.



O Mandeo ó seu paso por Aranga (06-12-2011). Foto: Veiga.

*Romería dos
Remedios ou de
Nosa Señora do
Camiño
(08-09-2011).
Foto: Veiga.*



ESTE ANUARIO BRIGANTINO 2013, Nº 36
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DE
2014



«O reflexo dunha praza», foto de Laura Muíño coa que acadou o primeiro premio do Concurso de Fotografía de Escaparates, organizado en maio de 2013 polo Concello.